



Ramón Fernández Mato. 1913

JORGE MARTÍNEZ JIMÉNEZ

(ver biografía en «Raigame» nº2)



i t e r a t u r a


A VIDREIRA EMBAZADA

**Escaparate de horas.
Recordo
do primeiro libro
de Fernández Mato.**

Jorge Martínez Jiménez

Neste anubrado sábado de tardiña desocupada, entro polo emparrado arco de Mazarelos e, en visio, fico parado perante a fachada do antigo colexio dos xesuítas, onde esculpidas están as armas reais e as do arcebispo José de Yermo; árido apelido ese para o ilustrado século en que o prelado viviu. A forza de lle dar voltas e máis voltas, chega a me desacougar a palabra *ermo* e, degoirante de aromas de ansia e luz, busco amparo na amorosa *Magnolia grandiflora* desta praza de Mazarelos; magnolia baixo da que querría eu ouvir un hialino balbordo de marés, amecido el ó murmurio dun luído parolar socrático, saído das sombras desas árbores platónicas que, segundo Juan Gil-Albert, os plátanos son. Mais ningún mar desatracou para aquí chegar; nin argazo, nin gaivotas, nin mascatos, nin mastros nin proas. Non hai mar, non. E mais tampouco das sombras dos plátanos de Mazarelos sae discurseo ningún; arestora, nin o rechouchío de distraídos paxaros enche tan grande baleiro. Évos,

este, un mundo de estatuas silentes: Montero Ríos; san Francisco Xabier e santo Ignacio –na igrexa dos xesuítas–; Xoán de Ulloa, o conde de Monterrei, Álvaro de Cadaval, e Lope Gómez de Marzoa –todos, no ático do edificio neoclásico da Universidade–; Alfonso II –no Castro–. E eu, lembrando a José Bergamín, véxome nun “soliloquio a la sombra de las estatuas”, coas miñas mans de area e páxinas de libro, á busca dun latexar de vida, mentres solitario, o corazón, neste inerte museo de ausencias, devala cara ás crepusculares paisaxes dos meus adentros. Pero, tamén, silandeira chega unha solermiña airexa de vida que me vén salvar do meu esgarecer; dous namoradiños andan por aquí a demorar, e, ilustrando os versos do saudoso Aquilino Iglesia Alvariño –“E mozos ledos bicándose cunha/ tristeza moi leve./ Vida, vida, vida!”– fanme dar co meu agochado entusiasmo e lembrar o poema *Ó longo das ribeiras*: “I-entón eu ergueréi as velas todas/ destas horas ancradas,/ pobres, ermas, sin páxaros nin vento”.



*Lustres Rivas,
Fernández Mato,
amigo*

E erguerei eu, si, as velas, para negar esta hora morta, e recobrar o agarimo, tinxido da color da resoancia das chorimas, que eu sempre sentín por este pétreo mundo que, dende hai tempo, quixen gravar en min con arrecendo a vexetación húmida e a sol. Non hai aquí mar, non; e, con todo, recordo que nas compostelanas mañás frietas e con néboa baixa, alancando eu da rúa do Castro, e Entrepraciñas, cara á porta de Mazarelos, sempre me semellou o bar El Mañoso, coa súa grande cheminea de latón ferruxento, un barco disposto a zarpar –“Este bar ten balances/ E tamén está listo/ pra se facer á vela”–; de modo que, o meu, máis que alancar era navegar no *Constantino Candeira*, con Manuel Antonio, rumbo ó bar Viño, porto onde, noutrora, nocturnamente desembarcaban os xoves enrolados no galeguismo, de fe europeísta, sobre os que Franco Grande escribe en *Os anos escuros*; bar ese, o Viño, que seica fora o escenario que os amigos escolleran para homenaxear a Lorca nunha noite de maio de 1932. Tamén don Ramón Otero Pedrayo, nos seus tempos santiagueses, gostaba de pervagar pola rúa e porta –que el chama *loureada*– de Mazarelos, na procura dos pasos decimonónicos do seu pai, estudante de Medicina: “Gostamos, de noite, pasare de vagariño por Mazarelos. Como si

na curta rúa ficara pra nós un pouco do quentor dos anos nenos (...)”. Moitos anos antes que a don Ramón, a fins do século pasado, tampouco non era difícil sorprender a outro ourensán, médico, o intemperante don Heraclio Pérez Placer, coas súas *Narraciones compostelanas* baixo do brazo, encamiñándose polo Tránsito de Gramáticos cara ó local da Sociedade Velocipédica Sport (en Mazarelos), que el presidía, ou ben cara á casa onde o ilustre polígrafo e coengo López Ferreiro nacera, na praza da Universidade. E don Ramón María del Valle-Inclán – “los valientes y el buen vino tienen poca dura”, escribira–, que viña de retirada á Compostela dos seus anos mozos, dende a primavera de 1935, non perdoaba a cita para aquí xantar, no Asesino.

Ando agora confortado eu con tales lembranzas, tiradas de vellas lecturas, e paseo con agrado polo mundo este que deixo limitado por San Fiz de Solobio; o desaparecido convento das clarisas de Santa María a Nova –actual Facultade de Xornalismo–; a virxe da Paz –nas mercedarias de Patio de Madres–; a fonte de Santo Antonio –que xa case non deita auga polo cichón–; a Nosa Señora dos Remedios –xa sen o candil que, hai moitos anos atrás, a iluminaba tódalas noites; e que inspirou, tal

virxe, unha fermosa e pouco coñecida narración, “El faro”, que Pérez Placer destinara a ser publicada en páxinas de xornal; a xa inexistente virxe do Portal –non a de Belvís senón a que houbera fronte ás Orfas; onde estaba o hospitaliño de Salomé, ó que ían buscar acobillo, coa alma e os vestidos esfarrapados, tódalas pobriñas desherdadas e botadas á miseria e á esmola deste feliz mundo; a igrexa de Santa María de Salomé; e as rúas de Entrepraciñas e o Castro; esta última aínda cos ecos do Pondal de 1859. A devoción, o estudio, o retiro, a literatura, o hábil mercantilismo, a folganza sabia que o viño das antigas cepas de Galicia trae no seu gusto, todo, todo cabe dentro desas lindes anotadas. Irmos de Solobio e a rúa do Castro á porta de Mazarelos –“perquan pretiosus baccus venit ad urbem”– é trasladarnos das orixes castrexas e as raigañas da peregrinaxe ó medioevo do *Codex Calixtinus* e Aymerico de Picaud. No século XIX aínda os resabiados arrieiros que viñan coas pipas de viño, entraban polo arco de Mazarelos.

E foi vindo a noite, de vagariño, sen eu me decatarse; e, agora, esta é xa unha tardiña de lámpada acesa. Empezan a coller vida os lampións das prazas e rúas, e estas arquitecturas do XVI, do XVII, do XVIII e XIX con salferidas pencas románicas e modernistas, dan en xogar con eléctricos feixes de luz e ángulos de fría escuridade. Non hai desesperanza ningunha en min, e, querendo negar os versos de Huidobro, “Es inútil mirar los astros/ O interrogar las piedras encanecidas”, nesta noite de ceo entoldado, ando a galstrar nas fachadas das casas, á busca dun latexar de vida, ou de dar, tan sequera, cun ramallo de historia doutros tempos. Na rúa de Cardeal Payá –antiga rúa da Zapatería Vella, onde morara o tradicionalista Vázquez de Mella, todo el carlismo e reaccionario agrarismo de Solidaridad– reparo na traza modernista do edificio, con número 2-4, que o arquitecto santiagués, tamén arquitecto diocesano e profesor da Escola de Artes e Oficios, Jesús López de Rego, fervente católico, levantara polo 1914 –con posteriores modificacións de González Villar–, no soar que antes ocupaban unhas humildes casoupas. Prolífico arquitecto, López

de Rego; atristurado xa, nese ano de 1914, pola estrondosa ruína do seu irmán Lorenzo –prestamista e axente de Bolsa–, quen se viu forzado a se refuxiar en Cuba, soñando alí, quizais, cos esplendorosos tempos da súa Casa de Augas de San Lorenzo, de grandes e luxosos salóns para os lucidos bailes de *sociedade*; da illa caribeña volvería velliño e case sen luz nos ollos. Sonada ruína foi esa, que anuciou de dor a unha familia de católica militancia e moi achegada á Compañía de Xesús, na que un irmán dos citados –Jesús e Lorenzo–, Santiago López de Rego Labarta, profesaba, e que sería consagrado como bispo en Tokio no 1923; na biblioteca Lago da Universidade teño folleado o libro *Indulgencias auténticas y su calendario* que Su Ilustrísima deixou escrito, e que Couceiro Freijomil cita.

Da concepción que, daquela, da cidade tiñan arquitectos coma Jesús López de Rego, nada sabemos; da filosofía na que asentaban a súa valoración da paisaxe urbana, nada deixaron escrito. Da súa intencionalidade e emoción estéticas quedáanos a obra, que tratamos de descifrar. Moi preto de Cardeal Payá, no lugar en que fai esquina a Caldeirería con Tras de Salomé –Caldeirería 54-56–, admiro a sensibilidade ornamental que o arquitecto lugués Daniel García Vaamonde e Maciá –de inesquecible estadía en Ourense– aplicou á solidez do edificio oitocentista (1893) que, pouco antes de el finar, aí concebiu. Coma unha volainiña saída das escuras lagorzas do esquenzo vénme o nome deste arquitecto lugués, de Sarria, cando me coincide pasar polo quiosco da música da Alameda, ou pola casa número 32 da Rúa Nova, onde moraba coa súa dona, Delia; irmá, ela, do combativo avogado e poeta ourensán Alberto García Ferreiro, fundador e director do xornal *La Defensa de Galicia* (1893), quen pasaría os seus últimos días de vida, aquí, en Compostela, nese domicilio de Rúa Nova, número 32, piso segundo. Hoxe, na casa esa, nada hai que nos recorde a presenza do progresista Alberto García Ferreiro no Santiago que moito amara e que fixera posible que florecesen os versos do seu poema *Compostela*: “Compostela/ Ben te vexo/ Co-as cen torres/ Dos teus tempos/ Espetadas/ Nos teus ceos/

Com'alfanxes/ Xigantescos/ Ti non sabes á ley que che gardo/ Y-o amor que che teño.(...)". O nome do poeta e o do arquitecto quedarán para sempre vencellados á lírica da composición "¡Paso!", de *Chorimas* (1890), que o vate ourensán adicara a este seu cuñado Daniel.

Non sei se por causa deste morriñento froallo, desta vagaceira babuxa que empeza a caer, ou se por causa do "impensado rumbo de mis andares", veño parar á cafetería Candilejas, de Cardeal Payá. Este Candilejas que recorda á autobiográfica película *Limelight* (*Candilejas*), de Charles Spencer Chaplin; película por el dirixida, coa axuda de Robert Aldrich –o Aldrich dos *western Apache* e *Veracruz*–. Sentado a unha mesiña de café, abeirada a unha ventá con vidreira –estas vidreiras de espera inútil–, escribo as rápidas liñas que estades a ler. De fronte teño a unha xove e fermosa morena, soa, nunha mesiña onda a ventá. ¡Quen me dera dicir que xa é miña!; mais eu non son Hemingway, nin pedín un ron Saint James, da Martinica, nin estou a comer ostras de regosto metálico, acompañadas de fresco viño branco. Isto non é París, *París era unha festa*, nos anos vinte. Máis ben, teño a impresión de ser eu un predicador retórico –deses que se predicán a si mesmos– cun vaso de aséptica auga mineral enriba da mesiña esta do café Candilejas. ¡Non Candilejas, Falenas puideron chamarlle!; *Falenas*, que é título dun libro de Antonio Rey Soto, en quen estou a pensar porque, coa rúa Cardeal Payá de por medio, aquí fronte a onde estou, teño o edificio, de vistosa arquitectura e fasquía urbana, que o mestre de obras Otero e López levantara polo 1877. Nese edificio, número 18, da rúa Cardeal Payá –rúa que aínda se estaba a pavimentar polo 1914– estivera o antigo hotel Suízo –primeiramente ubicado, polo último tercio do século XIX, na rúa da Conga, co nome de Fonda Suíza; e, trasladado logo, a unha casa do Mercado Vello–, con capacidade para cincuenta hóspedes, e cun amplo comedor para douscentos comensais. Coido que o hotel Suízo fora inaugurado, nesta rúa de Cardeal Payá, nos primeiros meses do ano 1904; o propietario e director del era o señor Mengotti –don Antonio Mengotti Gandenzi, nacido

no 1843 en Poschiavo (Suíza), e chegado a Santiago arredor do 1880– sempre axudado, na dirección e administración do Suízo, por un dos varios sobriños que con el vivían, por Clemant, Clemant Mengotti Harguindey, nacido en Buenos Aires. De todo o que fivese que ver coa arte culinaria estaba encargado José Mariño, un home, recién vido das Américas, que presentaban como grande coñecedor das cocinas española, italiana, francesa, inglesa e alemana.

O nome do hotel e o do seu dono –apegados ó da cidade– andaron polo mundo adiante, durante moitos anos. Recordábo eu agora, en relación a Antonio Rey Soto, porque no Suízo fora homenaxeado o xove Ramón Fernández Mato (domingo, 24/VIII/1913), con motivo da publicación da súa primeira obra, *El atrio profanado*; e, tamén, antes ca el, aí recibira homenaxe, nese mesmo hotel, Castelao (xuño de 1912); e, ¡como non!, Curros, na súa visita a Compostela no 1904, aí fora agasallado. Tal libro de Fernández Mato fora apadriñado por Rey Soto; e, así o reconece o novel escritor nas liñas manuscritas, a lapis, que puxo no exemplar –conservado na biblioteca do mosteiro de Poio– que adicou ó crego ourensán: "Para Antonio Rey Soto, padrino y redentor de este libro deshonoroso. //Ramón". Grande valedor debía ser o crego e poeta Rey Soto para algúns xoves artistas; tanto apadriñaba o primeiro libro deste médico recién titulado (curso de 1911-1912), Fernández Mato, como oficiaba no casamento de Castelao– outro médico e prometedor artista, daquela– con dona Virxinia Pereira Renda, na Estrada (sábado, 19/X/1912), voda, esta, celebrada dous meses despois de que don Miguel de Unamuno, de visita por Compostela, tivese levantado a pulso –en arrufada demostración– o botafumeiro da Catedral (agosto de 1912).

Ó banquete do Suízo asistiran uns corenta comensais; entre eles estaban: Manuel Machado –con destino, entón, en Santiago, como oficial do Corpo de Bibliotecarios e Arquivistas; cronista do xornal madrileño *El Liberal*, que dirixía o santiagués Alfredo Vicenti; santiagués érao tamén o pai dos



Risco. 1914

Machado–; Antonio Fernández Tafall, o *Divino Antonio* –director da compostelana *Gaceta de Galicia*, xornal sempre aberto a recibir as novidades literarias dos principiantes escritores, e que Fernández Mato nomea, nese seu primeiro libro, como *Gaceta de Suevia*; en tal diario, Mato, que, ás veces, ocultaba o seu nome tralo de Cardenio, dirixira o suplemento “Páginas literarias”, dende o 20/XI/1909 ó 3/II/1910, contando coa colaboración dos entrañables amigos Javier Montero Mejuto e Luís Villardefrancos Calé, o Villardefrancos que asinaba as súas *críticas* co pseudónimo de Cardo–; estaba, igualmente, Alfredo Pérez Viondi –comandante de Sanidade Militar; que exercía, como médico, no sanatorio de Conxo. Pérez Viondi, casado cunha irmá da muller de Castelao, tiña unha activa vida social no Santiago deses tempos; na coñecida Sociedade El Recreo Artístico e Industrial, sita na Rúa Nova, creo que ocupaba, por esas datas, algún

cargo directivo. Participara, Viondi, na guerra de Cuba, contra de Maceo e demais insurrectos patriotas da illa, polos anos noventa da centuria pasada. Volvera da Habana con varias condecoracións, polo seu labor nos batallóns Cazadores de Mérida, Reina núm. 2, e, Isabel La Católica–, e mais tamén estaba Homobono González Fernández –organizador, xunto con Viondi, do banquete a Mato. Este santiagués, Homobono, veciño que foi da Praza da Universidade e do Tránsito de Gramáticos, de ascendencia zamorana, por liña paterna, e que chegaría a ser cabeza de familia dunha numerosa prole, debeu exercer, polo tempo, como banqueiro; polo 1913 aínda non dera rematado o bacharelato, que deixara plantado polo 1899. A partir de 1915 seguiría estudos de Dereito nas universidades de Santiago, Valladolid e Madrid. Ben, pois este Homobono deixou escritos uns apuntes sobre esa vida de estudiantina e bohemia que Ramón Garaboa Nuevo, grande amigo de Fernández Mato e Castelao, levaba (*Garaboa*, Santiago, 1920). Moi matizados, todos eses apuntes de Homobono sobre Garaboa, por Núñez Búa (*Revoeira*, Montevideo, 1971). Relacións amicais, esas, e vida troianesca que José Antonio Durán deixou ben consignadas en *El primer Castelao*–.

Axuntáranse, no sonado banquete de homenaxe a Mato –á parte do envío de telegramas de adhesión: de Castelao, que fixera, para tal ocasión, unha artística acuarela na que se presentaba o menú do ágape; de Victoriano García Martí, L. Porteiro Garea, Sofía Casanova...–, xentes de varia condición e oficio: literatos, xornalistas, médicos, catedráticos, comerciantes, militares. Coincidentes, algúns deles, nun vago sentimento rexionalista –de “patria chica”–, impreciso gosto modernista, e, candente e heteroxénea fe agrarista; fe agrarista que facía coincidir nos actos de afirmación antiforista, que polos tempos eses se daban, a personalidades tan distintas como o tte. cor. José Dato Muruais –irmán da poetisa ourensá Filomena Dato; destinado, por ese ano de 1913, en Santiago, no Rexemento de Infantería Zaragoza número 12, rexemento no que tamén estaba o tenente Ángel Pereira Renda, cuñado de

Castelao, e que tan bos servicios prestaría á causa fascista, como o anteriormente citado escritor Manuel Machado, e o médico Pérez Viondi, a raíz da guerra de 1936– e o xove mestre e poeta santiagués –da Algalia de Arriba– Victoriano Taibo García (*Gaceta de Galicia*, 28/IX/1913), un Taibo que era quen de se botar tanto as augas, por veces avoltas, da poesía, e, sacar do fondo delas algúns logrados poemas que logo vían a luz nas páxinas da *Gaceta de Galicia* ou nas da revista dos alumnos da Normal de Santiago, *El Normalista* –publicación, esta última, imprentada nos talleres tipográficos de *El Eco*, e que iniciara a súa andaina por outubro ou novembro de 1913, da man do que chegaría a ser secretario perpetuo da RAG, o betanceiro Francisco Vales Villamarín; contando, nas súas páxinas, con colaboracións literarias de Luís Villardefrancos Calé–, como, tamén, de se botar, valente e altruísta, el, Victoriano Taibo, ás estivais augas do Tambre para en Chaián salvar de morrer afogado a un malpocado rapaz da rúa de San Pedro (1911). Este poeta santiagués, da Algalia de Arriba, que anos despois formaría nas fileiras dos adictos á causa que


dende as páxinas de *A nosa Terra* se defendía, alternaaba, por estes anos de 1912 e 1913, o tirón poético coa actividade agrarista e as sinceras proclamas antiforistas que co seu sentir católico acaían. E, claro está, nisto do agrarismo, o nome de Basilio Álvarez era e é de obrigada recorrencia.

A apaixonada verba redencionista, sempre oportuna para enguizar, do famoso crego de Beiro –tan famoso que, mesmo no 1914, foran postos á venda uns libriños de papel de fumar marca Basilio Álvarez– prendía no corazón de Fernández Mato, Lustres Rivas, Javier Montero Mejuto, López Aydillo...; todos, no tocante ó literario, arelantes por conquistar un posto de honor nas letras españolas, ás que querían levar un aquel de arrecendo galaico; Valle-Inclán, sempre por eles admirado, e Alfredo Vicenti, sempre querido e respectado.

Mais non só co agrarismo selaban o seu compromiso; tamén dende a entusiasta Sociedade Joven Galicia levaban a cabo unha campaña a prol do teatro galego e da implantación, en Santiago, dunha

Ourense, á memoria de Curros. 1913

De esquerda a dereita, Señores Hermida, Lustres Rivas, García Martí; Sofía Casanova, Antonio Rey Soto, Filomena Dato, Fernández Mato, López Aydillo, Docampo, Domínguez, Serantes, López.





López Aydillo. 1914

cátedra de literatura galaico-portuguesa (1910-1911) que, definitivamente, se crearía en Madrid, ó cargo de Víctor Said Armesto.

Agora ben, esencialmente, os anos de universidade foran para Castelao e os seus amigos, anos de pose algo modernista, de bohemia de tuna –Fernández Mato e Isidoro Millán Mariño eran presidente e vicepresidente, respectivamente, da tuna compostelana, polo 1911; Castelao, que fora tuno, ilustraría a cuberta da primeira edición de *La casa de la Troya* (1915), de Pérez Lugín; fillo, este, dos propietarios, chegados a Santiago polo 1883, da coñecida camisería El Buen Gusto, establecida nos baixos do pazo de Bendaña, na esquina do Toural coa Rúa do Vilar–, e, tamén, de horas gastadas na tertulia do santiagués café Colón, na praza do Toural –inaugurado no verán de 1899– ou na fonda onde Mato paraba –Senra, numero 20–. Pero o que había, sobre todo, era caricatura e afección literaria a eito: “(...) ni olvidaré tampoco que entre los paredones de una vieja casa de San Francisco nos recibía Luis Villardefrancos a unos cuantos rapaces soñadores que nos decíamos enfermos de lirismo. Allí Castelao aprendió a domar la línea y a vivificar el color; Dieste (...) nos imponía los delirios de Edgar Poe;

Lustres Rivas afinaba el mandolín romántico del Pierrot que llevaba dentro, el Pierrot espectral de Paul Verlaine (...)”; eran, estas, palabras que Mato pronunciaba –no devandito homenaxe que a el ofrecían–, despois de ter recitado o poema *L’albatros*, de Baudelaire.

Co tempo, e esquecida xa a estudiantina e a cativa experiencia xornalística da revista *Galicia Moza* –o primeiro número saíra o 6 de xaneiro de 1909–, Castelao deixaría de se mergullar na intrascendencia de facer caricaturas de profesores, prelados e tipos como Raku –loitador xaponés que pasara por Santiago e que pouco despois levaría unha boa malleira en Gijón; caricatura que fora exposta no escaparate do compostelán comercio Al Bon Marché, a principios de 1909– para ir buscar inspiración no desatendido mundo rural; Fernández Mato embarcaría no *Cap Arcona*, poñendo proa cara á Arxentina, pouco máis ou menos polos tempos en que Francisco Álvarez de Nóvoa e Fortunato Cruces iniciaban a aventura periodística de sacar adiante, en Buenos Aires, a fins de 1913, o xornal *La Voz de Galicia*, ó que moitas caricaturas enviaría Castelao para que nas súas páxinas fosen reproducidas; Basilio Álvarez, a principios dese mesmo ano, 1913, embarcaba no vapor *Wasgenwal* e iría dar, na Habana, co poeta que andaba a buscar, con Ramón Cabanillas, *No desterro*, o Cabanillas que a Cuba chegara, polo 1910, no *Dania*; e por Cuba –onde tan crúas experiencias tivera Lesta Meis–, non o esquezamos, tamén andara Antón Villar Ponte, quen poucos anos despois dos que estamos a citar sería o impulsor das Irmandades da Fala. Hai unha inquedante xerfa transoceánica que se mete polas fírgoas das vidas destes homes, nos tempos en que o estrondo da Grande Guerra está próximo.

A historia posterior ben a sabemos; xa é máis coñecida. Dese modernismo galeguizante de Rey Soto e de Fernández Mato ninguén ten, agora, por qué se acordar; tampouco xa grande cousa nos din os nomes de Sofía Casanova, Eduardo Dieste, Jaime Solá, Javier Valcarce García, ou Goy de Silva (anque este é caso á parte). As Irmandades da Fala,



Hotel Suízo. Santiago de Compostela.

a partir de 1916, axudarían a que cada quen fose asumindo o papel que mellor considerase. Risco, a medida que o ano 1920 se vai achegando, empeza a se despreocupar das figuras do mundo literario que antes centraban a súa atención; vai desentendéndose de nomes, obras e tendencias que anos atrás reseñaba na ourensá revista *Mi Tierra* (1911), a revista de López Aydillo, e, Álvarez Limeses, e na que Castelao e Fernández Mato colaboraban. Escribía Risco: “Javier Valcarce sigue las huellas del maestro Valle-Inclán; el exquisito romántico Rey Soto, algo entregado á los preciosismos decadentes de los sonetos á la moda, impecables y vacíos de sentido; Ramón F. Mato, poeta que ensaya el Teatro de ensueño. Y por último dos, que, en su diversidad, representan una fuerza nueva: Primitivo R. Sanjurjo á quien un vuelo de garzas conduce á las cimas azules del simbolismo, y Victoriano Garcia Martí, profundo y alfísimo espíritu (...)”.

Os da xeración “Nós”, despois de rachar a propia libresca carauta de estudiada frivolidade decadente, traen unha distinta actitude; unha actitude que ía botar por terra a outrora louvada pose de Fernández Mato, a do F. Mato “mozo y noble poeta”, arroupado por Alfredo Vicenti e por Gómez Carrillo (“uno de los rastacueros clásicos que vienen de América”, escribía Baroja, a propósito deste), e que fora retratado por Antonio Rey Soto, nunha das páxinas introductorias a *El atrio profanado*, con estas palabras: “Se parece á D. Félix de Montemar./ Apuesto,/ calavera y poeta, fué terror de beatas./ Lo mismo en los estrados, que en timbas y chirlatas/ triunfó su esbelto talle y su mostacho enhiesto.// Siempre el oro ó la vida á jugarse dispuesto./ más le placen las obras que las necias bravatas;/ é igual ante hosteleras que regias azafatas,/ si son bellas, se curva en un rendido gesto.// Trasnecedor de raza, después del medio día/ suele dejar el lecho; almuerza, se atavía,/ y, en las tardes serenas, tibias y perfumadas,// cuando todo es azul, calma, melancolía,/ sale al campo, y á solas, teje su fantasía,/ como araña de fuego, unas rimas doradas.”

A partir do ano 1920, os de “Nós” abandonaban, ou pretendían abandonar, todo solipsismo; andaban a botar fóra a cancamurria que os levara a pousar o seu arroubamento no aprecio dunha literatura ilusiva, rutilante de infecundo sibaritismo intelectual; andaban, agora, a negar as palabras, escritas en *La Centuria* –“Creemos la intención docente ajena al arte verdadero”–, e que anos atrás subscribían. Viñan, por tanto, no 1920, con actitude e palabras rompedoras.

Pero aínda máis rompedoras chegarían as palabras de Manuel Antonio, co manifesto *Máis alá* (1922), ó que non era alleo Villar Ponte; o Manuel Antonio que despois de confesada fe nacionalista, en carta privada a Cebreiro –probablemente datada no 1924–, escribiría: “Cada volta vexo-me mais afincado n-as miñas ideas sindicalistas: suprimindo o Estado, outra d’as ventaxas que s’arrecadan é a de suprimir a política; e a política, vou vendo que é a nosa gran doenza racial, a que mais axiña compre aniquilar

(...). Aconsello-che seriamente que te impoñas o traballo (...) d'estudar o anarquismo."

En agosto de 1925, Fernández Mato, director do xornal de Vigo *El Pueblo Gallego*, daba conta do pasamento dun lúcido teórico do anarquismo humanista, o vigués Ricardo Mella. Nin el, nin Castelao, nin Manuel Antonio, nin ningún de "Nós" –probablemente aboucados, estes últimos, pola verba libertaria coa que Belén Sárraga salpicara ó foro ourensán, no 1913– acudira, a tempo debido, a escoitar as palabras do sabio topógrafo, loitador a prol da liberdade e en contra do Estado; e é que, a fin de contas, o obreirismo e os seus movementos e asociacións nunca foran motivo de compromiso para eles, galeguistas. Aínda sendo don Ricardo Mella *persoa de orde*, o que ideoloxicamente representaba puña un punxente arrepió nas consciencias de Otero Pedrayo, de Vicente Risco ... As palabras *anarquía*, *comunismo* ou *socialismo* metían neles un medo semellante ó que sentira o libreiro catalán –santiagués de adopción– José Galí Camps cando no madrileño xornal *El Imparcial* aparecera unha nota na que se identificaba a José Galí coma un anarquista, de nacionalidade italiana, que vivira en Santiago, na Rúa do Vilar, ata o ano 1893. O libreiro Galí non perde tempo para contestar telegraficamente, indicando que aínda que efectivamente ese é o seu nome, e que vive na Rúa do Vilar dende 1880, nin el nin os seus parentes son anarquistas (*El Alcance*, agosto de 1897).

Semella que isto de traer a conto, en confusa mestura, ós de "Nós" e a Ricardo Mella e unha desafortunada *boutade* na que eu incorro, ó me deixar levar pola irreflexiva asociación de ideas que as palabras, antes anotadas, de Manuel Antonio en min provocan. Homes de tan distinta textura intelectual, peripécia biográfica e ubicación xeracional non se prestan a fáciles e caprichosos xogos de interrelación. Mais, o certo é que andaba eu a pensar nalgúns dos capítulos do libro *A CNT na Galicia 1922- 1936*, de Dionisio Pereira, e non puíden evitar o recorrer a nomear estes persoeiros que, dende esta terra, para Galicia e o mundo todo pensaron un futuro ben dis-

tinto. Pero, non é agora a ocasión de entrarmos polas dificultosas congostas explicativas do caso. Arestora o ceo xa non deita auga, eu acabei coa que tiña no vaso, pousado nesta mesiña do café Candilejas, de Cardeal Payá, preto de Mazarelos, do Mazarelos no que tamén viu a luz o doutor García-Sabell; e o que agora quero é marchar xa, para na casa anotar as citas oportunas que aquí foron saíndo, ó paso destas liñas apuradas e mal tracexadas. E, ¡como non!, o que tamén quero é transcribir as palabras, para con elas vos agasallar, con que Fernández Mato inicia *El atrio profanado*:

"Santiago de Compostela es una ciudad decrepita, solemne, opaca y sombría. Todo es manso en ella, y sólo mezcla á la modorra de su carácter, un sabor de grandeza, una hosca fragancia de los siglos del hierro belicoso y de la religión fuerte, la visión de la piedra, el cariz monumental y granítico de los templos seniles y de las vetustas academias."



Castelao. 1909